

# PROXECTO PILOTO DE CENTRO OCUPACIONAL E DE FORMACIÓN PARA A REPOBOACIÓN ESTRATÉXICA SUSTENTABLE

---

*Estefanía Vázquez Cruz*  
*Grao en Traballo Social. Traballadora social no concello de*  
*fanyvazquezcruz@gmail.com*

## RESUMO

Esta idea de proxecto piloto para a creación dun centro de formación ocupacional para a repoboación estratéxica sustentable do rural galego, xorde do estudo exhaustivo da situación actual do rural de alta montaña.

A proposta de intervención apóiase nos fundamentos teórico-metodolóxicos do traballo social comunitario, coa finalidade de capacitar e apoderar as persoas mediante un proceso formativo-ocupacional; fomentar o asentamento de neopoboadores nas zonas rurais máis castigadas; e -se fora posible- converterse nun referente de boas prácticas e observatorio no que implementar outros modelos de intervención comunitaria innovadores.

## PALABRAS CLAVE

Traballo social comunitario, repoboación estratéxica sostible, formación ocupacional, desenvolvemento rural, incorporación social

## **RESUMEN**

Esta idea de proyecto piloto para la creación de un centro de formación ocupacional para la repoblación estratégica sostenible del rural gallego, surge del estudio exhaustivo de la situación actual del rural de alta montaña.

La propuesta de intervención se apoya en los fundamentos teórico-metodológicos del trabajo social comunitario, con la finalidad de capacitar y empoderar a las personas mediante un proceso formativo-ocupacional; fomentar el asentamiento de nuevos pobladores en las zonas rurales más castigadas; y -si fuera posible- convertirse en un referente de buenas prácticas y observatorio en el que implementar otros modelos de intervención comunitaria innovadores.

## **PALABRAS CLAVE**

Trabajo social comunitario, repoblación estratégica sostenible, formación ocupacional, desarrollo rural, incorporación social

## **ABSTRACT**

This idea of a pilot project for the creation of an occupational training center for the sustainable strategic repopulation of rural Galicia, arises from the exhaustive study of the current situation of rural high mountains.

The intervention proposal is based on the theoretical-methodological foundations of community social work, in order to train and empower people through an occupational-training process; promote the settlement of new settlers in the most affected rural areas; and-if possible-to become a benchmark for good practices and an observatory in which to implement other innovative community intervention models.

## **KEY WORDS**

Community social work, sustainable strategic repopulation, occupational training, rural development, social incorporation

## **INTRODUCCIÓN**

A despoboación rural é un tema en boga na actualidade, aínda que non é unha problemática que xurdise da noite para a mañá, nin para a que exista unha “receita máxica”. Neste sentido, moitas publicacións identifican os

movementos migratorios do século XVIII como os antecedentes do que hoxe denominamos despoboación rural.

Segundo Saco (2004), dende entón o “goteo de efectivos humanos” cara a zonas con máis e/ou con mellores recursos non se detivo, senón que en ocasións rebrotou con máis intensidade e deu lugar a unha situación de despoboación extrema, e en consecuencia, ao incremento dos “poboados pantasma”.

Para tentar reducir este fenómeno, dende hai algún tempo, estanse a promover iniciativas tanto públicas coma privadas; motivadas pola preocupación por atraer -e fixar- poboación no rural, tanto en Galicia coma noutros territorios.

Como veremos, existen moitas casuísticas que inflúen no éxito das repoboacións postas en marcha na historia. Non obstante, hai dous factores -un intrínseco e outro extrínseco- que son determinantes para garantir o éxito de calquera iniciativa. O primeiro está máis relacionado coa motivación, o apoderamento e a capacitación das persoas neopoboadoras para emprender; mentres que o segundo ten que ver co proceso de asimilación e as relacións que se establecen coa comunidade receptora.

Partindo desta idea, cremos oportuno realizar unha proposta de intervención dende o traballo social, exercendo como promotoras ou catalizadoras de sinerxias, como mediadoras nas relacións entre todos os axentes implicados (administracións, “indíxenas”<sup>1</sup> e persoas neopoboadoras), como acompañantes ou facilitadoras dos procesos de cambio social etc.

En resumo, esta iniciativa pretende a recuperación efectiva da comunidade na que se realice o proxecto, así como o mantemento dos servizos públicos e dos espazos rurais da contorna; á vez que aspira a converterse nun referente para a implementación de modelos de intervención que impliquen a capacitación e o apoderamento das persoas -e dos colectivos máis desfavorecidos- dende unha perspectiva integral e sustentable.

## **1. ESTADO DA CUESTIÓN**

### **1.1. Apreciacións terminolóxicas**

O Centro de Estudos sobre Despoboación e Desenvolvemento de Áreas Rurais (CEDDAR) (2017) identifica a despoboación como o fenómeno demográfico e territorial resultante do crecemento vexetativo negativo, do saldo mi-

---

<sup>1</sup> Termo acuñado por Saco, A. para referirse as persoas nadas -ou asimiladas como tal- que viven nun territorio afectado pola despoboación.

gratorio negativo, ou de ambos. Mentres, a repoboación implica tamén o aproveitamento do terreo, a defensa e a estrutura política daquelas zonas abandonadas ou reconquistadas (Pérez e Gardey, 2015).

Moitas investigacións definen a repoboación como un fenómeno complexo, en tanto que pode darse de forma espontánea ou planificada, e con ou sen voluntariedade. Deste xeito identificamos a “repoboación planificada” como o proceso buscado polo Estado, co que as persoas mobilizadas poden -ou non- estar de acordo; podería chegar a producirse de xeito forzoso se houbera oposición da comunidade; e a “repoboación voluntaria<sup>2</sup>” cando a decisión de mobilizarse é tomada polas persoas.

Pese a todo, as repoboacións adoitan ser procesos migratorios positivos porque se xeran -na maioría dos casos- dende espazos que non ofrecen seguridade ou benestar cara a outros que si o fan; e porque a nova poboación pode implicar a reactivación económica, a expansión territorial, o incremento dos servizos a cidadanía, a apertura de novos nichos de emprego etc.

## 1.2. A despoboación, un problema para os contornos rurais

### 1.2.1. A despoboación en España

O informe da Comisión de Despoboación da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) (2017) indica que, dos 8.125 concellos españois, 4.995 tiñan no 2016 menos de 1.000 habitantes; e de estes, 2.652 tiñan censados menos de 500 habitantes. E é máis, dous de cada dez non pasaban dos 100 veciños; isto significa que a metade dos concellos estaban xa “en risco de extinción” (FEMP, 2017, p. 8). Nesta liña tamén alertaba Pérez (2016), cando facía referencia ao número de aldeas abandonadas rexistradas en España, que xa ascendía a principios do 2016 a 3.287.

Cabe salientar que a dita problemática non está presente de igual maneira en todos os lugares, e Galicia, Asturias, A Rioxa, Castela-A Mancha, Castela León e Aragón son os territorios máis afectados. Estes territorios ocupan o 52,8 % da superficie do país, e concentran o 55 % dos municipios, aproximadamente uns 4.463; con todo, neles só vive o 21 % da poboación total (Civieta, 2018).

Se a isto lle sumamos que a crise demográfica afecta con maior virulencia a “ruralidade remota” (Saco, 2010); é dicir, as zonas cunha dispersión demo-

---

<sup>2</sup> Non ten en consideración a liberdade de elección, entendida como o non condicionamento das persoas con relación aos distintos fenómenos sociais que as afectan; de xeito que obvia-  
los enmascara as distintas realidades e dificulta o éxito das iniciativas.

gráfica máis acusada e localizadas fóra do ámbito de influencia das urbes, o panorama preséntase desolador para gran parte do noso territorio.

### **1.2.2. A despoboación en Galicia**

Segundo Pérez (2015, 2016) Galicia encabeza a clasificación da despoboación española, en tanto que a metade de aldeas baleiras (1.614 no 2014 e 1.669 no 2015) pertencían á nosa comunidade, ao igual que o 70 % das que se atopaban “en perigo de extinción” (1.960 no 2014 e 1.971 no 2015).

Ademais, Galicia é unha das comunidades con maior dispersión poboacional (conta con máis de 30 000 núcleos poboacionais). Esta particularidade, xunto co envellecemento poboacional e a falta de relevo xeracional do que se fai eco o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica (OGDD) (2018), supón que as cifras de despoboación superen as do resto de comunidades, á vez que posiciona a Galicia como un dos territorios máis afectados.

Neste sentido a xornalista manifesta que a desertización do rural galego é unha constante que se agrava ano a ano, polo que fai fincapé en que cada semana unha aldea galega perde os seus últimos poboadores; e como exemplos representativos atopamos a contorna do interior de Lugo e Ourense.

### **1.2.3. A despoboación en Ourense**

Ourense caracterízase por ser unha das provincias máis rurais da comunidade, e por albergar a poboación máis avellentada de Galicia; tanto é así que a media de idade para o ano 2017 estableceuse nos 51,88 anos, fronte aos 48,31 e 44,22 anos de media para Galicia e España (OGDD, 2018).

Non obstante, Pérez (2015) matiza que Ourense é a provincia con menos núcleos poboacionais deshabitados de Galicia. Este paradoxo débese -entre outros factores- á resistencia das persoas maiores a abandonar as súas casas; o que posibilita o mantemento de moitos núcleos poboacionais pequenos.

Con todo, a situación tórnase moito máis complexa nas zonas de alta montaña; onde a orografía e climatoloxía adversas, e a inviabilidade do relevo xeracional, contribúen a que as poboacións se atopen “en perigo de extinción”.

## **1.3. Implicacións da despoboación**

Para Pérez (2016), a intensidade do fenómeno en Galicia explícase pola dispersión demográfica, o avellentamento poboacional, a migración cara á

cidade e a insuficiencia das políticas de reequilibrio territorial e de apoio ao rural. En cambio, a FEMP (2017) pon o foco no desequilibrio territorial, na perda de potenciais activos de riqueza polo desaproveitamento dos recursos endóxeos, e no compromiso económico que a desertización supón para as arcas públicas. Sobre estas cuestións tamén fala Saco (2010) cando afirma que a diminución da actividade agrogandeira, a falta de adaptación aos novos contextos, así como o abandono das propiedades ou a escasa migración pon en perigo calquera futuro baseado nas producións de calidade e no turismo rural. Por tanto, coa despoboación desaparecen os produtores de alimentos e de paisaxe, increméntase o risco de incendios, diminúen os servizos e as opcións laborais, redúcense os investimentos en comunicacións, pérdese o acervo cultural e desdebúxanse as identidades e modelos de vida dos pobos.

Para garantir a viabilidade do rural a FEMP (2017) propón que as administracións implementen medidas para o mantemento da poboación, mentres que Saco (2010), avoga tamén por estudar a dimensión socio-espacial do desenvolvemento e o cambio social para definiren as problemáticas e necesidades do rural, así como as actuacións para contrarrestalas.

En definitiva, debemos promover iniciativas que revertan a tendencia actual co menor custo e o maior impacto posible, achegando un “óptimo de despoboación” (Lazovski e Saco, 2015) que permita manter os servizos á cidadanía, dinamizar a economía local, ampliar a oferta de traballo para ocupacións relacionadas coas actividades turísticas ou de servizos; e posibilitar o intercambio de experiencias e coñecementos cos indíxenas, coñecedores das estratexias máis axeitadas ou mellor adaptadas.

## 1.4. Antecedentes históricos da repoboación

### 1.4.1. A “repoboación” na época dos Imperios

A repoboación é un feito que se repite historicamente en diferentes contextos. Na antigüidade era habitual utilizar o método da implantación<sup>3</sup> para asentar novas poboacións nos territorios engadidos pola exploración e a conquista; como nos casos do Imperio tsarista na súa expansión cara ao leste e o sur, do imperio turco na expansión por Oriente Próximo e a Península Balcánica ou dos imperios francés e inglés.

Outro exemplo sería América, xa que para a conquista se empregaron modelos de asentamento e control do territorio. Mentres que tras a inde-

---

<sup>3</sup> Consistía en adxudicar o territorio a unha institución con poder para mobilizar unha porción de poboación “de rango inferior”, coa que se levaba a cabo a repoboación.

pendencia optaron por unha repoboación selectiva -que aumentara a produción e riqueza-, a través dun efecto chamada cara aos países considerados “máis laboriosos”.

### **1.4.2. Australia: repoboación mediante poboación reclusa**

Australia é un claro exemplo de país construído por migrantes. Segundo Gil (2015), entre finais do século XVIII e mediados do XIX, Australia converteuse nunha colonia penitenciaria inglesa, cunha dobre función; como vía de escape para reducir a pobreza na capital e “desfacerse” da poboación reclusa, á vez que contribuía ao mantemento e ordenación do territorio de mans de Inglaterra.

Aínda que a primeira flota chegou a Australia cunhas 1.400 persoas, ferramentas, útiles agrícolas, especies vexetais e animais, e todo o necesario para crear unha comunidade dende cero (Arenal, 1999), a planificación contra a vontade do colectivo desprazado, e a falta de previsión no tocante á súa capacitación, demorou medio século a prosperidade da comunidade.

É por isto que, o máis salientable desta iniciativa é entender a importancia da capacitación e da participación activa das persoas para o desenvolvemento endógeno; así como fomentar a resiliencia e as inqúedanzas por emprender.

### **1.4.3. O movemento kibutzim**

De cara ao deseño e implementación de novas iniciativas apoiadas nos piares do traballo social parécenos interesante revisar este experimento polo seguinte. Por ser un dos movementos comunais voluntarios máis importantes da historia; polas similitudes entre as circunstancias que motivaron o seu desenvolvemento e a realidade do rural galego de alta montaña; así como pola perdurabilidade e efectividade dunha iniciativa baseada na idea do “ben común” (Santo Tomás de Aquino, citado por Parent, 1999).

Estas organizacións xorden no século XX, nun momento no que a agricultura independente non era práctica nin rendible, e nun lugar onde as condicións non eran beneficiosas. A partir desta realidade créanse comunidades rurais integradoras e multixeracionais caracterizadas pola vida en comunidade, a administración democrática, a corresponsabilidade social, a copropiedade dos medios de produción e de consumo, a especialización e a división da produtividade para maximizar os beneficios (Decreemento, 2013).

#### **1.4.4. A repoboación na Península ibérica**

A repoboación na época da Reconquista ía acompañada de privilexios á nobreza ou ao clero para a administración dos territorios; un exemplo constitúeno as pobras e cidades espaxeadas polo territorio así como a existencia de multitude de mosteiros, que cumpriron as funcións de ordenación e control territorial, recadación de impostos etc. ata finais da Idade Media.

Máis próximas no tempo, atopamos iniciativas promovidas polo franquismo, que buscaban sustentar o réxime e facer fronte ao illamento internacional. Deste xeito, xurdiron os poboados de colonización, dotados cos servizos básicos (vivendas, escolas, regadíos, infraestruturas) para o asentamento de novas poboacións en zonas especialmente deprimidas; un exemplo é o Plan Badajoz, protagonizado por axencias (IRYDA, ICONA e SEA) que cumprían unha función relevante no asentamento e mantemento das poboacións e dos recursos naturais que trataban de explotarse co amparo do Estado.

#### **1.4.5. Benposta, a Cidade dos “Muchachos”**

Tamén na época franquista, pero cun pensamento -de entrada- máis acorde coa protección dos dereitos das persoas atopamos un proxecto que contribuíu a fixar poboación no territorio, e a poñer Ourense no panorama internacional.

Algo que cómpre destacar é que durante os 50 anos que se mantivo esta comunidade autoxestionada, pasaron por ela máis de 50 000 “rapaces” de todo o mundo (López, 2013); aínda que só vivían habitualmente unhas 200 persoas. É dicir, a meirande parte das que participaron no proxecto eran poboación flotante.

Por estar en sintonía coa ideoloxía do traballo social, dende o punto de vista da capacitación e do apoderamento da cidadanía, e a promoción do cambio social pese ás condicións adversas, fixémonos eco desta iniciativa ourensá.

### **1.5. As políticas rurais dos últimos 30 anos**

A concepción de Pérez e Gardey (2015), baseada no control, acumulación e mantemento do territorio, é o fundamento da meirande parte das repoboacións.

#### **1.5.1. As administracións no desenvolvemento rural**

Co tempo as administracións constituíronse coma impulsoras dos procesos migratorios enfocados a revertir a regresión demográfica (Saco,



2010); os concellos comezaron a ofertar bolsas alugueiro, inventariaron os recursos etc.

Un exemplo é o proxecto do Grupo Operativo Resurgir Alto Navia. Segundo publica Campo Galego (2018) crearon un banco de terras co obxectivo de ofertalas, para que as produtoras as transformen en explotacións agrícolas ou forestais sustentables; e dese modo conservar o medio físico, incentivar o emprego, reactivar a economía local e recuperar poboación.

A niveis supraterritoriais puxéronse en marcha varios programas de desenvolvemento rural financiados por Europa; mais estes incentivos, por si sós non garantiron a consecución do fin último para o que foron ideados. Igual que aconteceu coas políticas de desenvolvemento rural.

### 1.5.2. Marco lexislativo

No artigo 1 da Lei 25/1982 de agricultura de montaña, xa se contemplaban as necesidades de establecer “un réxime xurídico especial para as zonas de agricultura de montaña co fin de posibilitar o seu desenvolvemento social e económico”, de manter “un nivel demográfico adecuado” e de atender “a conservación e restauración do medio físico, como hábitat das súas poboacións”. Non obstante, ata a Lei 45/2007 para o desenvolvemento sustentable do medio rural non se fixo política rural (Carrasco, 2012).

Tamén resulta significativo que na actualidade, existindo unha lei nacional<sup>4</sup> e outra autonómica<sup>5</sup>, as políticas rurais continúen a ser illadas ou sectoriais; no canto de ser integrais e de teren en consideración tanto as características comúns como as especificidades de cada territorio.

O que queremos destacar, é que xa nos anos 80 era evidente a necesidade de implementar políticas que contemplasen as particularidades da zona, de cara a fixar poboación na ruralidade remota. De xeito que, o fin último das leis era manter o equilibrio demográfico e conservar o medio natural grazas á proximidade dos asentamentos humanos; en clave de sinerxía e sustentabilidade.

### 1.6. Iniciativas privadas para revitalizar o rural

Sabemos que a vontade das persoas para emprender un proxecto vital no rural non é sinónimo de éxito; por tanto, prestarémoslles especial atención

<sup>4</sup> Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural. *Boletín Oficial do Estado*, 14 de decembro de 2007, núm. 299, pp.51339-51349.

<sup>5</sup> Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, 31 de decembro de 2002, núm. 252, pp.18025-18094.

aos factores que poden condicionar o resultado, e tentaremos identificar aquelas particularidades que poidan mellorar a nosa intervención.

### **1.6.1. Os movementos “neorrurais”**

Na liña das iniciativas comunais, en Galicia podemos atopar: a comuna de “neohippys” que se estableceu mediante o método da ocupación en Negueira de Muñiz (Lugo); e os grupos de familias “neorrurais” que se asentaron en Fornelos de Montes e A Lama (Pontevedra) ou en Tronceda (Ourense).

Independentemente do resultado, este tipo de iniciativas achegan coñecemento. Do caso de Negueira de Muñiz poderíamos destacar a lixeira recuperación dos índices de natalidade (González, 2002). Pero o realmente sorprende, é a falta de oposición das familias propietarias das vivendas ocupadas; ben porque descoñecen a dita ocupación (o que faría patente a situación de esquecemento do rural), ben porque a consideran favorable para o mantemento das vivendas.

E do caso dos asentamentos neorrurais destacamos o estudo sociolóxico realizado por Martínez (citado por González, 2002). Nel, o autor conclúe que existe desconfianza e falta de entendemento entre indíxenas e persoas neopoboadoras, debido a que as persoas locais consideran as que acaban de chegar como “xente rara”, “sen raíces” na zona que queren revitalizar. Ante esta contrariedade cabe pensar que, na medida en que existan sinerxías e retroalimentación entre poboación nativa e foránea, decrecería a desconfianza, e promoveríase un clima de convivencia e comunidade favorable.

Este estudo tamén recolleu a experiencia dun plan europeo de cooperación transnacional entre grupos de desenvolvemento rural de distintas comunidades autónomas españolas e da rexión francesa de Limousin; proxecto, con concreción en 2004 baixo o nome “Abraza la Tierra”, que intenta recuperar varias aldeas abandonadas de Aragón, Castela-A Mancha e Castela León. Mentres, pensamos que proxectos similares son susceptibles de fracasar, pola ausencia de formación e/ou apoio para adecuar os proxectos vitais ao rural.

### **1.6.2. A experiencia dos centros de desenvolvemento rural**

Pese a non implicar procesos de repoboación, os CDR contribúen á mellora da calidade de vida das persoas, ao mantemento da poboación local, e á promoción e posta en valor do rural. Con todo, o máis interesante destas iniciativas é a participación social en beneficio da comunidade, e a posibilidade de replicar e implementar moitos dos seus programas, proxectos e servizos.

## **1.7. A importancia do tecido social**

Como di Carrasco (2012), a explotación actual dos recursos do rural dálles resposta a outro tipo de intereses, distintos aos de anos atrás; non obstante, as cuestións de fondo son as mesmas por varios motivos. En primeiro lugar, porque o modelo fonde as súas raíces na memoria da escaseza e na cultura do minifundismo, de xeito que na práctica primáanse os intereses individuais sobre os da comunidade; e o incremento da poboación é un estorbo para o modelo de explotación inscrito na lóxica do individualismo. E en segundo lugar, porque perduran os desequilibrios e as ameazas para a sustentabilidade que xeran as ditas prácticas, así como o risco para a conservación doutros recursos, como os vinculados ao patrimonio; xa que as actuacións adoitan ser invasivas e pouco respectuosas co medio e cos bens públicos.

Por estas cuestións consideramos que a existencia de poboacións dinámicas -concienciadas e formadas- e dun tecido social vivo e organizado é a única forma de contrarrestar o modelo de explotación actual. E en consecuencia, cremos necesario que os grupos de acción local participen activamente na creación das políticas territoriais; e que estas impliquen a poboación de modo responsable, de cara a xerar solucións ás necesidades locais.

## **2. ANÁLISE DO CONTEXTO**

Os procesos de despoboación do rural e de abandono progresivo do campo responden á interacción dunha serie de casuísticas que se concretan nunha realidade única e irrepetible; que no noso caso, é aínda descoñecida por non dispoñer de localización física concreta para implementar o proxecto piloto.


Unha vez que teñamos identificada a comunidade na que se vai intervir faremos estudos pormenorizados para realizar un diagnóstico e planificación adecuados (CEDDAR, 2017). Así a todo, quixemos facer unha radiografía do rural galego, intentando dar protagonismo ao Macizo Central Ourensán; como exemplo dunha das zonas máis amplas e castigadas da nosa contorna.

O territorio que ocupa o Macizo Central Ourensán non ten correspondencia con ningunha demarcación administrativa, polo que resulta complicado facer un estudo demográfico representativo da zona. Por esta razón, e co fin de obter unha análise que poida ser representativa da ruralidade remota, optamos por facer mostraxes nos concellos de Terra de Trives. Esta comarca atópase no dominio das terras máis altas de Galicia (Fernández, 2007), en tanto que máis de dous terzos do seu territorio están por riba dos 800 metros de altitude.

## 2.1. O impacto das políticas rurais europeas

Dende 1986, o rural de alta montaña sofre as consecuencias das políticas agrarias europeas en tanto que as novas condicións impostas provocaron a inviabilidade de numerosas explotacións, coa consecuente redución do número de cabezas de vacún (Figura 1). De feito, a partir desta data, existe un paralelismo entre a redución do gando e o número de habitantes da provincia, de xeito que é moi posible que estas políticas contribuíran ao descenso notable da poboación e da explotación das vantaxes comparativas do rural de montaña; no que se atopan presentes recursos naturais susceptibles do seu aproveitamento sustentable baixo novas condicións e con nova poboación.

Figura 1: Paralelismo entre poboación e gando bovino na provincia de Ourense dende 1985 ata 2018



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

A perda da poboación nas áreas rurais chegou nos concellos máis afectados ao 70 % entre 1986 e 2011. Panorama demográfico que afectou, á calidade de vida e ao mantemento da poboación; debido ao peche de instalacións e á redución de infraestruturas e servizos (sanitarios, educativos, sociais e medios de comunicación entre outros).

Esta realidade tamén lles afectou a outras actividades do sector terciario que achegarían novas fontes de ingresos, especialmente na rama do turismo. Neste sentido, resulta evidente que o abandono da actividade agropecuaria e forestal, e a falta de renovación dos sectores produtivos teñen consecuencias que contribúen á deterioración da paisaxe (degradación do bosque, incendios forestais, peche de camiños e corredeiras) e dificultan un

maior desenvolvemento do turismo, ao carecer de poboación residente que preste os servizos de proximidade ás visitas.

Este criterio, podémolo aplicar tamén ao coidado da paisaxe e do patrimonio; xa que, a ausencia de poboación favorece tanto a deterioración como as dinámicas de espolio dos recursos por parte de axentes alleos e presentes na zona.

## **2.2. Situación actual do territorio**

### **2.2.1. Delimitación xeográfica**

O Macizo Central Ourenán forma parte do Macizo Galaico; e á súa vez, está formado pola Serra de Queixa (ao leste), a Serra de San Mamede (ao oeste) e as Penas Libres (ao sur).

Este espazo natural montañoso protexido de aproximadamente 458,29 km<sup>2</sup> esténdese polo municipio lucense de Quiroga, e polos concellos ourensáns de O Bolo, Chandrexa de Queixa, Larouco, Laza, Manzaneda, Montederramo, Pobra de Trives, Viana do Bolo e Vilariño de Conso (Turismo de Galicia, 2020).

Dentro deste territorio atopamos tamén outras zonas e paisaxes protexidas como o Parque Natural do Invernadeiro, o Souto de Rozabales (monumento natural) ou o Val do río Návea; así como a única estación invernal de Galicia.

Pola súa banda, da comarca de Terra de Trives podemos dicir que ten unha superficie de 431,71 km<sup>2</sup>, área que representa o 5,94 % da provincia de Ourense e o 1,46 % da superficie total de Galicia; que comprende os concellos de Pobra de Trives (capital comarcal), Manzaneda, Chandrexa de Queixa e San Xoán de Río; e que linda ao norte coa comarca de Quiroga (Lugo), ao leste coa comarca de Valdeorras, ao sur coas comarcas de Viana e de Verín e ao oeste coa comarca de Terra de Caldelas.

### **2.2.2. Distribución espacial da poboación**

Terra de Trives e os concellos que a conforman caracterízanse por ser territorios amplos en relación coa densidade de poboación que presentan.

Mentres que a provincia de Ourense tiña -no 2018- unha densidade de poboación que roldaba os 43 hab./km<sup>2</sup>; os datos a nivel comarcal para os anos 2017 e 2018 son de 9,7 hab./km<sup>2</sup> e 9,5 hab./km<sup>2</sup> respectivamente.

Se afondamos para coñecer os datos a nivel municipal, atoparemos que recrúan conforme pasa o tempo e nos afastamos da cabeceira comarcal. Así pois o INE achega -para os anos 2017 e 2018, respectivamente- a seguinte información demográfica: Chandrexa de Queixa 2,9 hab./km<sup>2</sup> e 2,7 hab./km<sup>2</sup>; Manzaneda 7,9 hab./km<sup>2</sup> e 7,8 hab./km<sup>2</sup>; Pobra de Trives 25,6 hab./km<sup>2</sup> e 25,2 hab./km<sup>2</sup>; e San Xoán de Río 9,2 hab./km<sup>2</sup> e 9,0 hab./km<sup>2</sup>.

Esta característica, sumada á orografía e á climatoloxía de montaña, favorecen a dispersión poboacional e a aparición de pequenas concentracións de casas afastadas entre si e dos servizos; á vez que demarcan outras cuestións relativas ao modelo de vida en comunidade.


### 2.2.3. Características sociodemográficas

No tocante á estrutura demográfica (Figura 2) observamos pirámides invertidas en todos os casos. Esta descompensación xeneralizada entre crianzas e persoas de idade avanzada, supón atoparnos cunha poboación claramente envellecida; especialmente nos concellos de Chandrexa de Queixa e San Xoán de Río.



Ao cruzar as variables sexo e idade advertimos un equilibrio moderado entre mozos e mozas, mentres que no grupo de mediana idade obsérvase maior presenza masculina, sobre todo en Chandrexa de Queixa. E, como cabería esperar, o grupo da terceira idade ten maior presenza feminina.

Figura 2: Distribución da poboación por sexo e idade para os anos 2002 e 2017



Comarca de Terra de Trives (2002)      Comarca de Terra de Trives (2017)





### Chandrea de Queixa (2002; 2017)





### Manzaneda (2002; 2017)



### Pobra de Trives (2002; 2017)



### San Xoán de Río (2002; 2017)



Fonte: IGE

Ao comparar os datos (Figura 2 e Táboa 1) comprobamos como o decrecemento poboacional resulta máis gravoso a medida que se reduce o territorio estudado. Neste sentido, podemos verificar que a provincia perdeu, en 15 anos, un 7,86 % da poboación inicial; mentres que a comarca un 26,48 %. E o mesmo acontece cos concellos, e o máis prexudicado é San Xoán de Río con un 34,12 % de perda poboacional dende o 2002 ata o 2017.

Táboa 1: Evolución da poboación entre 2002 e 2017

	P1. (2002)	P2. (2017)	Balance de poboación
Ourense	338.166	311.581	7,86 % de habitantes menos
Terra de Trives	5.722	4.207	26,48 % de habitantes menos
Chandrea de Queixa	842	563	33,14 % de habitantes menos
Manzaneda	1.197	930	22,31 % de habitantes menos
Pobra de Trives	2.753	2.102	23,65 % de habitantes menos
San Xoán de Río	929	612	34,12 % de habitantes menos

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Ao analizar como lle afecta esta situación a cada grupo de idade (Táboa 2), percibimos como o groso da poboación está composto por persoas de entre 15 e 64 anos. O segundo grupo que aglutina maior número de individuos/as é o de maiores de 65 anos, cunhas cifras que oscilan entre o 30 %-51 %; a cifra máis alta pertence a San Xoán de Río. E xa por último, atopamos que o grupo de menores de 15 anos abrangue tan só entre un 3 %-10 % da poboación.

Cabe destacar que máis da metade da poboación de San Xoán de Río pertence á terceira idade; o que confirma o agravamento da situación na ruralidade remota do que falabamos anteriormente.

En canto á sex ratio, observamos que a poboación ourensá está feminizada, mentres que na comarca e no municipio de Chandrea de Queixa sucede o contrario. Esta particularidade débese á presenza dun elevado número de varóns de mediana idade no concello (Figura 2); que á súa vez podería derivar do tipo de empregos -historicamente masculinizados- ofertados na zona.



Táboa 2: Distribución da poboación por grandes grupos de idade para o ano 2017

	0-14 anos		15-64 anos		65 anos e máis		Total	Sex ratio
	N.º pers	%	N.º pers	%	N.º pers	%		
Ourense	30.665	9,84 %	184 546	59,23 %	96 370	30,93 %	311 581	92,40
Terra de Trives	233	5,54 %	2.270	53,96 %	1.704	40,50 %	4.207	101,42
Chandrea de Queixa	18	3,20 %	305	54,17 %	240	42,63 %	563	130,84
Manzaneda	44	4,73 %	484	52,04 %	402	43,23 %	930	95,68
Pobra de Trives	150	7,14 %	1.199	57,04 %	753	35,82 %	2.102	98,89
San Xoán de Río	21	3,43 %	282	46,08 %	309	50,49 %	612	98,23

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

No tocante á formación, vemos como para o ano 2011 case a metade da poboación da comarca tiña un nivel educativo medio-baixo (Táboa 3); o cal está asociado ao predominio de sectores produtivos pouco desenvolvidos.

Táboa 3: Distribución da poboación por nivel de estudos para o ano 2011

	Sen estudos		Menor de 16 anos		Primeiro grao	
	N.º pers	%	N.º pers	%	N.º pers	%
Ourense	45 538	14,01%	33. 778	10,39 %	58. 575	18,01 %
Terra de Trives	796	17,33%	283	6,16 %	1.079	23,49 %

	Segundo grao		Terceiro grao		Totais
	N.º pers	%	N.º pers	%	
Ourense	148. 825	45,76%	38. 485	11,83%	325 200
Terra de Trives	2.121	46,18%	313	6,81%	4.593

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Como podemos observar (Táboa 4), o sector servizos absorbe máis da metade da poboación ocupada. Pero esta realidade só é realmente representativa do concello da Pobra de Trives, que acolle a maioría do turismo de montaña.

Táboa 4: Distribución da poboación ocupada por sectores económicos no ano 2011

	Agricultura e pesca		Construción		Industria	
	N.º pers	%	N.º pers	%	N.º pers	%
Ourense	6.419	5,71 %	12 110	10,77 %	16.361	14,55%
Terra de Trives	171	11,18 %	138	9,02 %	168	10,98 %

	Servizos		Pob. ocupada
	N.º pers	%	
Ourense	77.536	68,97 %	112.426
Terra de Trives	1.053	68,82 %	1.530


Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

De cara a fixar poboación resulta interesante analizar o desemprego da zona; por isto, estudaremos a súa tendencia dende 2006 (Figura 3).

Durante a crise o paro incrementouse nos catro concellos; e chegou ao seu punto máis alto en 2012, cunha taxa media de paro do 18,08 %. Tras este pico, o desemprego na comarca -e no concello de Manzaneda- redúcese progresivamente ata alcanzar taxas do 12,40 % e 10,06 % respectivamente no 2018; mentres, no resto de municipios, non cae realmente ata o 2014.

Na actualidade esta tendencia á abaixo continúa en todos os concellos da comarca; destacando Manzaneda como o cuarto concello con menor taxa de paro do *ránking* de municipios ourensáns de menos de 1.000 habitantes.

Figura 3: Evolución da taxa de paro para os concellos de Terra de Trives dende 2006 ata 2018



Fonte: Datosmacro

Debido aos datos relativos que soporta dos concellos, os índices de envellecemento e sobreenvellecemento comarcais están moi distanciados dos da provincia (Táboa 5); con todo veremos como as situacións empeoran nas poboacións máis pequenas e dispersas.

Facendo referencia aos primeiros indicadores podemos dicir que, en números absolutos, por cada menor de 15 anos, hai na comarca unhas 7 persoas maiores de 64 anos; e destas, polo menos 4 teñen 75 anos ou máis. Mentres que no concello máis afectado -San Xoán de Río- por cada menor hai case 15 persoas maiores de 64; das cales 10 superan os 74 anos.

Se ademais analizamos o indicador de dependencia potencial xunto co índice de carga asistencial, só podemos afirmar que estamos ante comunidades incapaces de dar cobertura por si mesmas -a curto ou medio prazo- ás necesidades asistenciais, sociais e de autoabastecemento; debido ao volume de persoas maiores respecto das que poderían prestar os servizos e coidados.

Táboa 5: Índices de envellecemento, sobreenvellecemento, dependencia e carga asistencial no 2017

	Índice de envellecemento	Índice de sobreenvellecemento	Índice de dependencia	Índice de carga asistencial
Ourense	314,27 %	56,86 %	70,79 %	92,57 %

Terra de Trives	731,33 %	63,56 %	88,18 %	121,08 %
Chandrexa de Queixa	1.333,33 %	66,25 %	96,20 %	156,94 %
Manzaneda	913,64 %	63,93 %	94,04 %	127,70 %
Pobra de Trives	502 %	59,50 %	76,21 %	96,41 %
San Xoán de Río	1.471,43 %	70,87 %	125,77 %	174,47 %

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

## 2.2.4. Dinámica demográfica

Para facer unha planificación acertada é necesario coñecer tanto a estrutura como a dinámica demográfica (Aliaga, 2011); por iso, estudaremos os fenómenos que motivan os movementos das poboacións.

Todos os territorios estudados presentan -no 2016- un crecemento natural e real negativos; sendo os máis elevados os de San Xoán de Río (Táboa 6).

Pese a obter unha das mellores cifras relativas sobre nacementos (3 crianzas por cada 1.000 persoas) e un saldo migratorio positivo (1 persoa), este concello obtén os peores resultados polo seu número de falecementos (47 persoas por cada 1.000 habitantes) en relación ao seu escaso volume de habitantes.

Táboa 6: Natalidade, mortalidade, crecemento natural, saldo migratorio, crecemento real e poboación total no 2016

	Natalidade		Mortalidade		CN	SM	CR	Pob. Total
	Nados	TBN	Finados	TBM				
Ourense	1.781	5,66 ‰	4.666	14,83 ‰	-0,92 %	-200	-0,98 %	314 663
Terra de Trives	12	2,79 ‰	98	22,77 ‰	-1,99 %	-11	-2,25 %	4.303
Chandrexa de Queixa	1	1,74 ‰	6	10,42 ‰	-0,87 %	-7	-2,08 %	576
Manzaneda	2	2,07 ‰	27	27,92 ‰	-2,59 %	-9	-3,52 %	967
Pobra de Trives	7	3,28 ‰	35	16,41 ‰	-1,31 %	4	-0,14 %	2.133

San Xoán de Río	2	3,19 ‰	30	47,77 ‰	-4,46 %	1	-4,3 %	628
-----------------	---	-----------	----	------------	------------	---	-----------	-----

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Táboa 7: Outros datos de interese para o ano 2015

Que as defuncións superen os nacementos non resulta sorprendente, se relacionamos os datos cos elevados índices de envellecemento e sobreenvellecemento (Táboa 5), a alta esperanza de vida ourensá e o ínfimo índice sintético de fecundidade da comarca (Táboa 7)<sup>6</sup>.

	Índice sintético de fecundidade	Esperanza de vida
Ourense	1,03 fillos por muller	83,27 anos de media
Terra de Trives	0,49 fillos por muller	-

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

## 2.2.5. Proxeccións a curto e medio prazo

Todos os datos dan un halo de penumbra sobre o futuro das poboacións e do territorio. Con todo, queremos corroborar as hipóteses a partir de dúas proxeccións -a curto e medio prazo- sobre a despoboación que poderemos atopar na provincia e na comarca para 2022 e 2027. Interésannos estas previsións porque contribúen á detección dunha posible falta de efectivos á hora de atender as necesidades da poboación, e posibilitan a planificación de estratexias viables para reducila.

As proxeccións confirman una clara tendencia cara á despoboación; tanto na provincia, onde a diminución roldará o 4,29 % por quinquenio; como na comarca, e esta é a peor parada, debido a unha redución máis acusada da poboación (Táboa 8). Así, para 2022, Terra de Trives terá perdido o 9,51 % da súa poboación actual, e para o 2027 esta chegará ata o 18,18 %.

Debido á ausencia de proxeccións municipais non podemos confirmalo; pero, todo apunta á desaparición da maioría dos núcleos máis pequenos.

<sup>6</sup> Pese a que os datos das táboas 5, 6 e 7 foron recollidos para anos distintos, relacionámoslos, xa que variación pode ser mínima comparada coa información que poden achegar ao confluír.

Táboa 8: Proxección da evolución da poboación para os anos 2022 e 2027

	Pob. (2017)	Pob. (2022)	Pob. perdida (2022)	Pob. (2027)	Pob. perdida (2027)
Ourense	311 581	298 201	4,29 % (13 380 hab.)	284 933	8,55 % (26 648 hab.)
Terra de Trives	4.207	3.807	9,51 % (400 hab.)	3.442	18,18 % (765 hab.)

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

### 2.2.6. Tecido social e demandas

A meirande parte do tecido asociativo da comarca aséntanse nos concellos máis poboados, principalmente en Pobra de Trives e Manzaneda. Entre as entidades predominan as de tipo cultural e/ou social; sendo a máis relevante para nós a Federación de Asociacións de Mulleres “Anaral”, polo tipo de servizos profesionais que presta (de acompañamento e atención ás persoas maiores e/ou con discapacidade), e por facerse eco das demandas e necesidades da zona (máis recursos económicos, materiais e humanos).

### 2.2.7. Recursos da zona

Todos os concellos contan cos mesmos servizos “centrais”: consistorio, servizos sociais, centro de saúde, farmacia, residencia de maiores, taxi e microbús.

Ademais, a capital comarcal conta con dous centros educativos -CEIP e IES-, co único CIM da comarca, cunha ONG que xestiona recursos de apoio ás vítimas de violencia de xénero, e coa Fundación “Anaral” da que xa falamos.

Chegados a este punto, queremos resaltar dúas cuestións que condicionan o acceso aos recursos e reducen a calidade de vida das persoas que viven no rural. Por un lado, que os servizos estean centralizados e mal comunicados, xa que dificultan o acceso da poboación dos núcleos máis afastados. E pola outra, que na comarca non existen recursos destinados a atender as demandas do resto dos colectivos, obrigándoas a desprazarse ás cidades.

Como contrapunto, tamén observamos que os concellos rurais contan con recursos en desuso, dos que se podería dispor para poñer en marcha novos servizos e proxectos comunitarios; estes son: os centros comarcais, os centros culturais, os colexios ou escolas unitarias pechadas, e nalgún caso albergues e vivendas de titularidade pública.

### **3. DESEÑO DA INTERVENCIÓN**

A teor do exposto, confirmamos que nos territorios estudados como mostra existe unha clara e inminente necesidade de atraer e fixar poboación.

Non obstante, no resto do rural galego atopamos moitos outros concellos cunha situación semellante en canto a características sociodemográficas, existencia de recursos aproveitables para a formación (infraestruturas públicas), posibilidades para o emprego e/ou emprendemento etc.

Así a todo, para que o proxecto de intervención comunitaria resulte efectivo, é indispensable contar coa vontade política e a da comunidade receptora, co fin de facilitar a entrada e asentamento das persoas participantes na iniciativa.

Como veremos, o proxecto piloto consiste na creación dun centro ocupacional e de formación para a repoboación estratéxica sustentable (COFRES), no que poderán participar tanto “indíxenas” como persoas foráneas.

#### **3.1. Obxectivos**

A posta en marcha dun COFRES persegue varias metas. En primeiro lugar -e dende unha visión propia do traballo social- este proxecto pretende responder á necesidade de capacitar e apoderar as persoas para levar a cabo os seus proxectos vitais no rural coas máximas garantías de éxito posibles.

En segundo lugar, trátase de iniciar un proceso de repoboación dende un punto de vista estratéxico e sustentable, que promova o asentamento de novas unidades de convivencia -ou familias- nos núcleos de poboación “en perigo de extinción”; coa intención de conter e reverter -a curto e medio prazo- a despoboación, o abandono e a degradación do contorno rural inmediato.

A dinamización do territorio terá tamén un efecto positivo a longo prazo, sobre as cabeceiras comarcais e as zonas urbanas que se nutren da actividade económica do rural; e sobre a demanda no mercado laboral de ocupacións máis cualificadas, unha vez xerada a suficiente actividade económica na zona.

E xa por último esta experiencia piloto aspira a converterse nun observatorio -e referente de boas prácticas- para a implementación de modelos de intervención innovadores baseados nos principios éticos do traballo social: defensa da dignidade humana e dos dereitos fundamentais; recoñecemento das fortalezas e interdependencia das persoas; respecto pola diversidade e

a individuación; promoción da xustiza social, da integridade e da ética profesional (Consello Xeral de Traballo Social, 2019).

En definitiva, os obxectivos deste proxecto poderíanse concretar como segue:

### 3.1.1. Xerais

- Acoller as demandas da poboación interesada en asentarse no rural, especialmente nas zonas de alta montaña de Galicia.
- Prover aos concellos máis despoboados dunha bolsa de persoas poboadoras potenciais, procedentes dun proceso de formación teórico-práctica.
- Crear un observatorio e centro de referencia para implementar modelos de intervención novos que garantan a capacitación e o apoderamento das persoas e os colectivos máis desfavorecidos dende un enfoque integral, integrador, estratéxico e sustentable.

### 3.1.2. Específicos

- Ofrecer asesoramento, apoio e formación teórico-práctica ás persoas interesadas en instalárense no rural galego.
- Promover a formación de grupos de persoas neopoboadoras, dado que a experiencia amosa un maior éxito se existe un grupo organizado.
- Dinamizar os sectores produtivos presentes na contorna.
- Fomentar a participación activa dos axentes locais do concello e da comarca.
- Recuperar as infraestruturas de titularidade pública e a súa contorna para fins sociais (recursos para vítimas de violencia de xénero, espazos e/ou vivendas comunitarias interxeracionais, vivendas de transición á vida autónoma etc.); formativos e/ou lúdicos (centros especiais para o emprego, escolas niño, centro de actividades na natureza, ou calquera outro tipo de recurso formativo ou lúdico-educativo).
- Mediar ante posibles conflitos derivados da convivencia veciñal.
- Crear sinerxías que favorezan o intercambio de coñecementos e a comprensión mutua entre poboación indíxena e foránea.



- Garantir a capacidade e competencia social das persoas neopoboadoras e das poboacións de acollida.

### **3.2. Persoas destinatarias**

Este proxecto está destinado a calquera persoa interesada en asentarse no rural galego. Non obstante, terán carácter prioritario as persoas pertencentes a colectivos en situación de vulnerabilidade ou en risco de exclusión.

Tamén serán beneficiarias as persoas nativas que queiran participar das accións formativas. E, indirectamente, o resto da poboación e sociedade.

### **3.3. Actividades**

Previamente á posta en marcha do proxecto piloto entrevistáronos tanto cos responsables da Administración local, para coñecer os recursos dos que dispón o concello e valorar conxuntamente as potencialidades e as posibles implicacións para a Administración; como cos axentes locais, para coñecer a predisposición da veciñanza de cara á intervención na comunidade.

Unha vez feito o estudo da zona e adaptado o proxecto, solicitarase colaboración ao Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG) e ás universidades galegas para achegar a iniciativa ao maior número de persoas posibles; e os servizos comunitarios de toda Galicia, para facelos copartícpes mediante a derivación de parte das posibles persoas destinatarias.

Tras identificar os/as participantes, centráronos en buscarlles aloxamento, e -se fora preciso- cubrir as necesidades; para posteriormente analizar os coñecementos e expectativas do grupo, co fin de axustar os contidos que se van impartir.

A formación debe ser de calidade, práctica e funcional; debe centrarse en aspectos tanto ocupacionais como socioculturais e persoais; e debe imbuírse das seguintes temáticas transversais: igualdade de xénero, sensibilización medioambiental, sustentabilidade, inclusión e tolerancia á diversidade.

A modo de exemplo, a continuación listamos os módulos formativos a impartir no COFRES na súa primeira edición. Cabe puntualizar que os bloques 0, A, B e C serán troncais e comúns para todas as persoas participantes, mentres que os bloques 1, 2, 3 e 4 serán optativos, de tal xeito que cada persoa poderá facer aquel ou aqueles que lle resulten máis interesantes.

- Bloque 0: o medio rural galego: coñecemento, descrición, estudo dos axentes sociais e das dinámicas internas e externas (30 h).

- Bloque A: modelos de consumo e produción sustentable: alternativas para o aproveitamento responsable dos recursos e a convivencia co medio natural (enerxías renovables, sistemas de compostaxe etc.) (40 h).
- Bloque 1: actividades do sector primario (limpeza e peche de fincas, gando menor e maior, práticamente e silvicultura, permacultura, horticultura e invernadoiros) e transformación de alimentos (150 h).
- Bloque 2: actividades relacionadas coa rehabilitación de vivendas (reconstrución e bioconstrución, electricidade, fontanaría etc.) (150 h).
- Bloque 3: actividades do sector servizos (restauración e turismo, atención a persoas en situación de dependencia, ocio etc.) (250 h).
- Bloque B: habilidades sociais, educación e hixiene emocional (técnicas de xestión emocional, estratexias para resolver situacións sociais de forma efectiva, importancia da resiliencia e dos grupos de apoio) (30 h).
- Bloque C: beneficios das prácticas comunitarias (20 h).
- Bloque 4: Emprender no rural (economía social, fiscalidade e tributación, *márketing* social, xestión de microempresas, subvencións etc.) (30 h).

Durante o transcurso do período formativo faranse entrevistas individuais e grupais periódicas, coa finalidade de avaliar o proceso e realizar as modificacións oportunas. E unha vez rematado cada bloque formativo, cubrirase o cuestionario P1, para avaliar os coñecementos adquiridos, e realizarase a enquisa de satisfacción respecto do bloque formativo.

Unha vez rematadas todas as accións formativas farase a primeira parte da avaliación final do proxecto, que se completará transcorridos dous meses, co fin de analizar os resultados do proxecto dun xeito máis fiable e preciso.

Debemos matizar que, durante o proxecto, desenvolveranse todo tipo de actividades formativas e/ou lúdicas para facilitar a conciliación familiar nos períodos non lectivos, dar a coñecer a zona, e obter financiamento.

### 3.4. Metodoloxía

Este proxecto de intervención comunitaria combina principalmente o modelo de investigación-acción-participación e o modelo de desenvolvemento local estratéxico, integral e sostible (Pastor, 2013). En canto ás técnicas e instrumentos empregados, e as motivacións para elixilas son as que seguen:

Para a investigación previa decantámonos pola entrevista semiestruturada porque posibilita a comprensión das dimensións individual e colectiva da comunidade a través das visións dos distintos axentes sociais, facilita o coñecemento pormenorizado dos recursos públicos e privados da zona, e contribúe a establecer relacións e a captar o interese da comunidade e da Administración para posteriormente poder mobilizalos.

Para contactar con outras institucións (servizos sociais, COTSG, universidades, entidades do terceiro sector etc.) coa intención de implicalas no proceso recorreremos ás TIC, aos comunicados e ás reunións de tipo formal.

Á hora de implementar a intervención partimos da idea de que o cambio só poderá producirse mediante a participación efectiva das persoas interesadas (Marchioni citado por Lillo e Roselló, 2004), polo tanto, centrarémonos en traballar en dúas vías. A primeira (bloques 0, 1, 2, 3 e 4), enfocada á formación e capacitación das persoas para a adaptación ao medio. E a segunda (bloques A, B e C), destinada a estimular e dinamizar a comunidade, “creando sinerxías sociais favorables á integración” (Lillo e Roselló, 2004, p. 59). Neste punto, as técnicas iranse determinando en función das dinámicas que se establezan no grupo e coa poboación local; así a todo, entre as máis empregadas estarán: as demostracións, os traballos prácticos, o debate, o *rol playing*<sup>7</sup>, e os simulacros.

Pola súa parte, a avaliación de proceso realizada en paralelo á formación incluírá a observación participante, as entrevistas grupais e individuais, e as enquisas; aínda que tamén utilizaremos as titorías e o *mentoring*<sup>8</sup>, como técnicas para facer o seguimento das iniciativas emprendidas, apoiar as persoas na toma de decisións e colaborar no seu proceso de emancipación.

E xa por último, para a avaliación de resultados incluiremos ademais outros indicadores cuantitativos e cualitativos para determinar o éxito do proxecto.

## 3.5. Recursos

### 3.5.1. Materiais

O concello seleccionado deberá dispoñer de infraestruturas que sexan aprobeitables para o desenvolvemento do proxecto piloto. A continuación enumeraremos os recursos óptimos e desexables, aínda que non excluíntes:

<sup>7</sup> Técnica que consiste en propor situacións nas que poder aplicar as habilidades e coñecementos adquiridos, asumindo determinados roles ou papeis.

<sup>8</sup> Técnica que precisa dunha persoa experta que guíe, acompañe e resolva dúbidas sobre problemas reais do campo no que se quere emprender.

- Instalacións públicas en desuso (aulas unitarias, colexio, centro cultural etc.) nas que impartir a formación teórica, e que servirían de sede para o COFRES.
- Vivendas de titularidade pública que reúnan os requisitos de habitabilidade a curto-medio prazo, para impartir parte da formación práctica, e realoxar as familias participantes e parte do persoal formador (se fora preciso).
- Un albergue municipal, para aloxar as persoas participantes que non forman unha unidade de convivencia, e a parte do persoal formador (se fora preciso).
- Bens públicos e medios para impartir a formación práctica básica (vendas para rehabilitar, corredoiras ou terreos para limpar etc).
- Ferramentas e maquinaria, usable cun réxime de préstamo ou reciprocidade.

### 3.5.2. Humanos

Contaremos con profesionais de distintas áreas sociais (educación, traballo social, socioloxía etc.), así como con persoas procedentes dos distintos sectores produtivos locais para a coimpartición dos diferentes módulos. Excepcionalmente poderán sumarse outras persoas -físicas e xurídicas- así como os efectivos humanos dos que dispoña o concello.

### 3.5.3. Financeiros

Nun inicio buscarase financiamento a través do *crowdfunding*<sup>9</sup>. E unha vez posto en marcha, os recursos económicos provirán da venda de proximidade, do comercio xusto, do desenvolvemento de actividades turísticas e obradoiros variados, da prestación de servizos externados etc.

O COFRES tamén poderá financiarse mediante subvencións públicas, achegas privadas, ou calquera outra fonte respectuosa cos fins do proxecto.

## 3.6. Técnicas e instrumentos de avaliación

Para avaliar o proxecto utilizaranse distintas técnicas e instrumentos:

---

<sup>9</sup> Sistema de financiamento colectivo que posibilita desenvolver unha iniciativa determinada. A cambio, os cofinanciadores reciben algún recoñecemento ou gratificación non monetaria.

- Enquisa sobre a aprendizaxe das persoas. Antes de iniciar a formación cubrirase un cuestionario que achegará información sobre o nivel inicial do grupo. Ao rematar a formación, pasarase o mesmo cuestionario para coñecer o grao de coñecementos adquiridos durante o período formativo.
- Entrevistas grupais e persoais -ou grupos de discusión- para analizar a adecuación dos módulos formativos ás expectativas das participantes.
- Observación participante durante as formacións e as posibles reunións.
- Enquisas para avaliar os resultados. Utilizaranse: indicadores cuantitativos a corto prazo (número de derivacións dos servizos sociais, cantidade de participantes que rematan a formación, número de familias empadroadas, volume de iniciativas emprendidas, cantidade de mediacións e intervencións realizadas); indicadores cuantitativos a medio e longo prazo (incremento do saldo migratorio, incremento da poboación ocupada, incremento da natalidade e do índice sintético de fecundidade, redución dos índices de envellecemento e de carga asistencial); indicadores cualitativos (niveis de tolerancia e satisfacción persoal, percepción da calidade de vida).

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Aliaga, B. (2011). La demografía dinámica. *Publicaciones Didácticas*, (13), pp.177-183.
- Arenal, C. (1999). *Las colonias penales de Australia y la pena de deportación*. Alicante, España: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes.
- Camino, J. (2018). *Así era la ciudad gallega gobernada por niños y un sacerdote comunista*. Recuperado de <https://bit.ly/2GHnlpl>
- Campo Galego (2018). *Proyecto pionero para crear un banco de tierras abandonadas en 5 ayuntamientos gallegos y 3 asturianos*. Recuperado de <https://bit.ly/38m820U>
- Carrasco, A. (2012). Despoblación y repoblación rural. *Revista Ambienta*, (99). Recuperado de <https://bit.ly/3mVHuaS>
- Centro de Estudos sobre Despoblación e Desenvolvemento de Áreas Rurais (2017). *La despoblación rural en España: Génesis de un problema y políticas innovadoras* (2). Recuperado de <https://bit.ly/3k8JFpZ>

- Civieta, O. (2018). *Seis comunidades de la “España vacía” exigen justicia en la financiación autonómica y una estrategia contra la despoblación*. Recuperado de <https://bit.ly/2lefH6V>
- Consello Xeral de Traballo Social (2019). *Declaración Global de Principios Éticos y de Integridad Profesional del Trabajo Social*. Recuperado de <https://bit.ly/2liCQF6>
- Decreemento (2013). *El kibutz*. Recuperado de <https://bit.ly/36fDtal>
- Federación Española de Municipios y Provincias. (2017). *Población y despoblación en España 2016: El 50% de los municipios españoles, en riesgo de extinción*. Recuperado de <https://bit.ly/32pxDm1>
- Fernández, C. (2007). De crecida edad y con achaques: vejez y grupo doméstico en las sierras surorientales gallegas a finales del Antiguo Régimen. *SEMATA, Ciencias Sociales y Humanidades*, 18, pp.307-331.
- Gil, C. (2015). La celda y el taller. El penal del Dueso (Santoña), un ensayo de colonia penitenciaria en las primeras décadas del siglo XX. *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*, (67), pp.349-274.
- González, P. (2002). *Ocho experiencias contra la despoblación en Galicia*. Recuperado de <https://bit.ly/3n4NBtM>
- Lazovski, O. e Saco, A. (2015). Despoblación, turismo y desarrollo rural en el territorio de Galicia: un estudio de casos. En J.A. Fraiz (Dir.) e N. Araújo (Coord.), *Enfoques empresariales de la gestión científica: transferencia de conocimiento a la empresa* (p.222). España: Universidade de Vigo.
- *Lei 25/1982, do 30 de xuño, de agricultura de montaña*. Boletín Oficial del Estado, 164, do 10 de xullo de 1982.
- Lillo, N. e Roselló, E. (2004). *Manual para el trabajo social comunitario*. Madrid, España: Narcea SA.
- López, C. (2013). *El ocaso corrupto de Benposta, un oasis de libertad durante el franquismo*. Recuperado de <https://bit.ly/38kvZpq>
- Observatorio Galego de Dinamización Demográfica (2018). *Galicia: perspectivas demográficas*. Recuperado de <https://bit.ly/32pnYf5>
- Parent, J. (1999). La Justicia Social y el Bien Común. *Convergencia Revista de Ciencias Sociales*, (18), pp.31-46.

- Pastor, E. (2013). Metodoloxía y ámbitos del Trabajo Social comunitario para impulsar cambios sociais sostenibles y autónomos en el complejo universo relacional en España en el siglo XXI. *Emancipação*, 13(1), pp.143-158.
- Pérez, P. (2015). *Las aldeas vacías de Galicia ascienden a 1.614, la mitad de las que hay en España*. Recuperado de <https://bit.ly/3kbyjBk>
- Pérez, P. (2016). *Galicia concentra nueve de cada diez aldeas que quedaron vacías el pasado año en España*. Recuperado de <https://bit.ly/3k8Gs9F>
- Pérez, J. e Gardey, A. (2014-2015). *Definición de repoblación*. Recuperado de <https://bit.ly/3eD0mIS>
- Saco, A. (2004). O despoboamento de Galicia. *Grial*, (162), pp.13-17.
- Saco, A. (2010). Desarrollo rural y despoblación en Galicia: escenarios y desarrollos de futuro. *AGER Revista de estudos sobre despoblación y desarrollo rural*, (9), pp.11-30.
- Turismo de Galicia (2020). *Macizo Central*. Recuperado de <https://bit.ly/2GE01sX>